

# ALEMANIA

María Zanetti, 2023

# 1265

ESTREA EN NUMAX: 01.04.2024 | V.O. | +12 | 87 min

Lola, unha adolescente de 16 anos, está a preparar as materias que ten que recuperar cando aparece a posibilidade de ir estudar un semestre en Alemaña. Lola quere viaxar, pero a súa familia, absorbida polo trastorno mental da súa irmá maior, non quere que faga a viaxe. A inestabilidade e o desgaste no vínculo coa súa familia fan que Lola persista coa súa idea e saia a buscar novas experiencias que lle devolven outra mirada sobre si mesma e as circunstancias que a rodean.

«Filme pequeno, emotivo e moi honesto sobre as complicadas mecánicas familiares. Un 'coming of age' sensible»

Diego Lerer, MICROPSIACINE.COM



## Entrevista con María Zanetti: «Cando me instalei no punto de vista dunha adolescente a escritura empezou a fluír»

**Sen ser unha película autobiográfica en sentido estrito, *Alemania* fala da túa experiencia e da historia da túa familia. Como foi para vostede ese proceso de escritura para darlle forma a un mundo de ficción cuxo punto de partida é moi íntimo?** A necesidade de escribir xurdiu a partir duns VHS e unhas fotos familiares que mandei a revelar en pandemia; a escritura foi unha especie de válvula de escape a ese sentimento opresivo que por momentos xeraba o peche. Ademais, estaba moi triste pola recente morte do meu irmán, que tiña trastorno bipolar. Senteime a escribir sabendo que quería contar algo dese trastorno desde o punto de vista dunha irmá e como unha familia lida cun brote. Tamén sabía que non quería que fose unha película que te deixe mal, senón que me interesaba que eses momentos complexos se mesturasen con outros máis liviáns, como é a vida. Cando me instalei no punto de vista dunha adolescente, apareceu o ton e a escritura empezou a fluír moito máis.

**Por que decidiches contextualizar a historia na década do 90 e como afectou esta elección á construción do relato?** Fun adolescente nos anos 90 e era un contexto co que podía identificarme de maneira máis natural. Nese momento había menos información sobre saúde mental, menos ferramentas, e quería reflectir na historia algo desa incerteza e esa deriva que atravesaba unha familia. Ademais quería contala sen a presenza de tantas pantallas porque sinto que hai unha capa de nostalxia que necesitaba o ton da película, que se houbese pantallas non se armaba da mesma maneira. Con respecto á construción do relato, reconstruír unha época en cinema independente é complicado porque contas con menos recursos e iso xera limitacións á hora de filmar, pero ao mesmo tempo obrígache a ser máis precisa. O máis difícil eran as escenas de coche, nas que tiñamos que pechar máis o tiro de cámara para non ver moito cara a fóra, e tivemos que ambientar certos lugares desde cero, por exemplo a casa. Estas circunstancias requiren dun esforzo máis grande para un filme do noso tamaño, pero estou moi contenta co que logramos.

**A película está narrada desde o punto de vista de Lola, e nesa caracterización do personaxe e da súa experiencia é clave, ademais do guión, o traballo da actriz que a encarna. Como foi o proceso de selección da protagonista e como traballaches xunto a ela para construír o personaxe?** Grazas a un premio que gañamos, puidemos facer o casting da protagonista varios meses antes de saír a filmar e así, entre moitas actrices que convocaron Mana e Katia, as directoras de cásting, apareceu Maite Aguilar. Desde que quedou seleccionada, durante moitos meses empezámonos a ver unha vez por semana. Neses encontros fómonos coñecendo, falabamos da vida, dos nosos vínculos, do cinema, filmábaa facendo cousas como comer un pancho ou ler uns apuntamentos, e tamén tivo encontros con outras actrices e actores como Miranda de la Serna, a actriz que interpreta a irmá que padece o trastorno. Tamén estivo María Laura Berch, que foi a coach nos ensaios e cuxo traballo foi clave. Faciamos lecturas de guión, traballamos distintos matices e cadencias. Maite é unha actriz cun potencial enorme e conecta moito co que sucede ao redor. Gozamos moito traballando xuntas.